

OBRA García Mañá descobre nun libro que, ademais de Rubiás, Santiago e Meaus, tamén formou parte do Couto Mixto, 'Pena', destruído na antigüidade

A república esquecida

Con fotos de Xurxo Lobato, profunda nas causas da desaparición da súa independencia e anexión a España

maré · Santiago

Tomás Moro describiu unha república imaxinaria na súa *Utopía*. O Couto Mixto existiu, pero é hoxe unha república esquecida na liña arraiana galego-portuguesa. Co celme de recuperar a historia e a realidade desta fenda na fronteira, o actual xefe da Policía de Galicia, Luís Manuel García Mañá e o fotógrafo Xurxo Lobato fan unha completa radiografía moi ben documentada no libro *Couto Mixto. Unha república esquecida* que acaba de publicar Xerais nas súas novidades de outono.

Apoiado nunha intensa escultura de arquivos e de fontes orais, García Mañá descobre neste libro que, ademais de Rubiás, Santiago e Meaus, tamén formou parte do Couto Mixto un cuarto lugar chamado 'Pena' que foi destruído na antigüidade.

Unha das súas peculiaridades, que xerou tensións entre Portugal e Galicia foi a cuestión da nacionalidade: os habitantes podían escoller a portuguesa ou a española. Entón, mandábase gravar un 'P' ou un 'G' na casa que elixise unha ou outra nacionalidade. A xente do Couto Mixto gozaba do privilexio de non ter que cumprir o servizo militar, aínda que foi frecuente que forzas dun e doutro país ocupasen temporalmente o territorio. Tamén tiñan dereito de asilo, de xeito que as autoridades galegas ou portuguesas non podían prender os criminais que alí se acolleran e que non fosen nativos do Couto Mixto.

Aínda que é difícil determinar as orixes do Couto Mixto, enclavado en Galicia e vinculado ás casas nobiliarias de Bragança e Monterrei, creouse a mediados do século XII na Idade Media e viviu continuamente ameazado por Portugal e España que cobizaron a súa anexión. A súa independencia desapareceu co Tratado de Lisboa en 1864, ano no que quedan anexados a España, a cambio de que os chamados 'pobos promiscuos' (Cambedo, Soutelinho e Lama de Arcos) pasaran a formar parte de Portugal.

¿Pero que fixo que este enclave privilexiado non conservase a súa peculiar natureza político-administrativa, moi próxima á dun Estado? García Mañá di que os privilexios dos habitantes do territorio, o abuso do libre comercio e os cultivos de tabaco, provocaron unha endogamia que prexudicou a súa continuidade e abortou a súa consideración como Estado. ●



Cruceiro no 'camiño privilexiado' no lugar de Meaus



Vestimentas típicas de Donões, en Portugal



Santiago de Rubiás, un dos lugares do Couto Mixto